

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 18 DE MAIO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de maio de dous mil vinte; as dez horas e trinta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

-Escrito de don Pierluigi Zenaro Albi , con rexistro de entrada no concello 1944 de 13 de maio de 2020 “ Baja de puestos en la plaza de Abastos de Ribadavia.

Yo Pierluigi Zenaro Albi con dni como administrador de la empresa Der Doctor 46 Sl con cif les comunico que doy de baja los puestos números 7,8 y 9 sitios en la planta semisótano de la plaza de abastos de Ribadavia par el 31.05.2020. Sin más y a lo que quede constancia de tal baja.

Considerando que as concesións outorgadas sobre os postos da praza de abastos ,consonte ao previsto no artigo 12 da ordenanza reguladora , extínguense por renuncia expresa do titular.

A xunta de goberno acorda aceptar a renuncia presentada por don Pierluigi Zenaro Albi aos postos números 7,8 e 9 da planta semisótano da Praza de Abastos de Ribadavia, con efectos de 31 de maio de 2020.

-Escrito de don Pierluigi Zenaro Albi , con rexistro de entrada no concello 1945 de 13 de maio de 2020 “ Baja de puestos en la plaza de Abastos de Ribadavia.

Yo Pierluigi Zenaro Albi con dni como administrador de la empresa Der Doctor 46 Sl con cif les comunico que doy de baja los puestos números 10,18 y 19 sitios en la planta semisótano de la plaza de abastos de Ribadavia par el 31.05.2020. Sin más y a lo que quede constancia de tal baja.

Considerando que as concesións outorgadas sobre os postos da praza de abastos ,consonte ao previsto no artigo 12 da ordenanza reguladora , extínguense por renuncia expresa do titular.

A xunta de goberno acorda aceptar a renuncia presentada por don Pierluigi Zenaro Albi aos postos números 10,18 e 19 da planta semisótano da Praza de Abastos de Ribadavia, con efectos de 31 de maio de 2020.

-Escrito con número de rexistro de entrada no concello 1926 de 12 de maio de 2020, Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia , en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , presenta a seguinte solicitude:

En relación á publicación feita polo concello de Ribadavia o día 11 de maio na súa rede social Facebook, anunciando a “ Desinfección de vehículos con ozono para vehículos domiciliados no municipio de Ribadavia, servizo gratuito , con cita previa” na que se pode ver a publicidade da aseguradora Mapfre.

Solicitamos:

A documentación do convenio coa aseguradora Mapfre ou outro tipo de colaboración con dita empresa.Ademáis queremos insistir en que se nos dé información en tempo e forma , xa que no día de onte tivemos xuntanza de voceiros/as na que podemos ser informados e non se nos comentou nada ao respecto desta acción que se ía levar a cabo.

A xunta de goberno acorda comunicar que se cedeu un espazo público á empresa na rúa San Lázaro.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con número de rexistro de entrada 1927 de 12 de maio de 2020:

En relación coa situación de crise covid19 que continuamos a vivir no noso municipio e en todo o país.

Como representantes cidadáns no concello de Ribadavia que temos dereito a ter toda a información sobre a situación de crise do covid19 no noso municipio

Solicitamos e reclamamos que

1º Datos cuantitativos de afectados por Covid-19 no noso municipio :

-durante toda a crise , afectados, falecidos e recuperados.

-datos actualizados de afectados e recuperados.

2º Resultados das probas realizadas polo Sergas aos nosos veciños e veciñas, datos que nos son ocultados.

3º Se informe públicamente dos datos reais cuantitativos e se lle esixa por escrito ao Sergas que !º se nos comuniquen os datos; 2ª que se publiquen os datos do noso municipio, tal e como fan outras comunidades autónomas.

4º Se informe públicamente do traballador e traballadora recuperada do Covid 19 e da situación actual do asilo , que sigue resistindo moi ben e de maneira heroica ao Covid 19, a pesar de ter unha residente que continúa con Covid 19.

5º Que se reforce vixilancia e control pñor parte da Alcaldía a través da Policía Local e a coordinación coa Garda Civil.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con número de rexistro de entrada 1928 de 12 de maio de 2020:

En relación co anuncio de Instalación de tramos de rede de fibra óptica no casco histórico e zonas céntricas da vila de Ribadavia onde existe infraestrutura para o seu soterramento.

En relación coas autorizacións que a empresa Movistar está repartindo na veciñanza de Ribadavia para que sexan asinadas ,sen facer ningunha mención ao seu soterramento, alí onde exista infraestrutura que o posibilite.

Constanos que nalgunha rúa xa procederon a traballos de instalación.

Solicitamos e reclamamos que:

1º Que o concello de Ribadavia obrigue e faga cumprir as empresas instaladoras o soterramento de todo o cableado novo e que se proceda a instalar nas rúas e barrios que dispoñan de infraestrutura que o faga posible o seu soterramento.

2ª Que o concello de Ribadavia obrigue e faga cumprir as empresas instaladoras o soterramento de todo o cableado novo en toda a zona PERI e sobre todo no Casco Histórico e en todo o conxunto monumental de Ribadavia. Da mesma maneira reclamamos que así se faga e todo o entorno monumental e de especial protección.

3ª Recordamos que hai varias iniciativas aprobadas no noso concello ao respecto.

Axuntamos copia do escrito da empresa instaladora xa está a repartir na veciñanza.

A xunta de goberno acorda comunicar que as obras están paralizadas dende o día 7 de marzo, e, que a empresa está requerida para canalizar o cableado baixo terra e, presentar un proxecto que contemple a canalización do cableado baixo terra.

-Escrito con número de rexistro de entrada no concello 1936 de 13 de maio de 2020, Noelia

Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia , en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , presenta a seguinte solicitude:

Ante o elevado número de veciños/as que acuden a nós preocupados para preguntarnos pola visita de unha persoa de Ribadavia que, en nome do concello de Ribadavia, está a comprobar o número dos domicilios, co fin de actualizalos.

Solicitamos:

Toda información sobre este tema que descoñecemos na súa totalidade. Queremos saber si o concello está a facer algún tipo de estudo, enquisa ou outra índole que afecten ao domicilio dos veciños, e cómo é que non se nos deu información aos grupos.

En consecuencia, queremos saber si se contratou a dita persoa e en base a qué, e si non é así, se adopten as medidas oportunas para garantir as debidas condicións de seguridade e de acreditación do mesmo.

A xunta de goberno acorda comuicar que o concello non está facendo ningún estudo nin enquisa sobre este tema.

-Escrito de don Oscar Filgueira Feijóo , en representación de Galicia Auto Estampación SAU , Nº de rexistro de entrada 1939 de 13 de maio de 2020, no que expón : “ Al no realizar la obra de ampliación con solicitud de licencia de obrqa 1944 con presupuesto de 725.368 €”

Solicita: “ Nos devuelvan la cuota tributaria de la misma con importe de 18.859,57 €”

Considerando que con data de 22 de maio de 2019 a xunta de goberno acadou acordo no que se indicaba:

Conceder licenza de obras a Don Oscar Filgueira Feijoo en representación de GALICIA AUTOESTAMPACIÓN SAU , para “ PROXECTO BÁSICO PARA AMPLIACIÓN DE NAVE INDUSTRIAL PARA ESTAMPACIÓNS “ , con visado nº 20190874 de data 08/04/2019 polo Ilustre Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia , redactado polo enxeñeiro Javier Iglesias Currás, e ANEXO AO PROXECTO BÁSICO PARA AMPLIACIÓN DE NAVE INDUSTRIAL PARA ESTAMPACIÓNS, con visado nº 20191218 de data 15/04/2019 polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Galicia , redactado polo enxeñeiro Javier Iglesias Currás. no Parque Empresarial parcelas 27 a 38,2ª fase parcela catastral 32070A013008230001UF

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 05/04/2019, a interesada abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións,

Instalacións e Obras a contía de 18.859,57 euros, non procede a práctica de liquidación complementaria.”

A xunta de goberno acorda:

-Aceptar a renuncia á licenza concedida a don Oscar Filgueira Feijoo en representación de Galicia Autoestampación SAU para ampliación de nave industrial para estampacións nas parcelas 27 a 38 da 2ª fase do Parque Empresarial de Ribadavia, concedida por xunta de goberno local de 22 de maio de 2019.

. Proceder a devolución da cota tributaria abonada en concepto de liquidación provisional do ICIO por importe de 18.859,57 €.

-Escrito de dona María Pilar Davila Padrón, con rexistro de entrada no concello 1915 de 12 de maio de 2020, solicitando o cambio de titularidade do nicho 29 do cemiterio de Ribadavia de don Jaime Dávila Sánchez a dona María Pilar Davila Padrón e cambio de conta para a domiciliación dos recibos a conta de Abanca ++++++.

A xunta de goberno acorda autorizar o cambio de titularidade do nicho 29 do cemiterio de Ribadavia de don Jaime Dávila Sánchez a dona María Pilar Dávila Padrón e o cambio de conta da domiciliación a conta de Abanca do número indicado na solicitude.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Consellería de Medio Rural , con rexistro de entrada no concello número 1958 de 14 de maio de 2020, comunicando a inminente sinatura dunha terceira addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga , en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para facilitar a execución de accións preventivas por Seaga , previa petición formulada polos concellos á Dirección Xeral de Defensa do Monte.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NO ÁMBITO DE APLICACIÓN EN MATERIA DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE RIBADAVIA PARA MINIMIZAR O IMPACTO FISCAL DERIVADO DO ESTADO DE ALARMA DECRETADO NO ENTORNO DA CRISE COVID19.-

Antecedentes:

A situación de urxencia xerada pola evolución do “coronavirus”, levou ao Goberno da Nación, a decretar o estado de Alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, establece a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos do sector público.

O 18 de marzo, entrou en vigor o Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo establece que a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos administrativos a que se fai referencia no citado Real Decreto non será de aplicación aos prazos tributarios, suxeitos a normativa especial, nin afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias.

En consecuencia, a suspensión e interrupción de prazos prevista no Real Decreto 463/2020 non é de aplicación directa aos procedementos tributarios.

Por outra banda, o art. 33 do Real Decreto Lei 8/2020, 17 de marzo, regula expresamente os efectos da suspensión de prazos no ámbito tributario, introducindo modificacións nos vencementos dos prazos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

No Boletín Oficial da Provincia de Ourense, núm. 55 de data 7 de marzo de 2020, publicouse o período de pago do Imposto de vehículos de Tracción Mecánica, exercicio 2020, establecendo o mesmo entre o 1 de marzo e o 30 de abril de 2020, prazo que nun principio foi suspendido por parte do Concello.

Nestas circunstancias, resulta obrigada a adopción de medidas extraordinarias no ámbito de aplicación dos tributos e outros ingresos de dereito público do concello de Ribadavia.

Vistos os antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Ampliación do prazo de pago en período voluntario ata o 25 de xuño de 2020 dos prazos de pago en período voluntario do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio 2020.

SEGUNDO: O presente acordo notificarase colectivamente mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Taboleiro e paxina web do Concello de Ribadavia.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as trece horas e cincuenta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.